

“María Mariño; unha tatexa a domear palabra/s, unha escritora a nomear o ad/verso”

**Artigo de Xandra Santos sobre a lingua de María
Mariño**



**Consello da Cultura Galega
Sección de Filosofía e Pensamento
Comisión Técnica de Xénero**

MARÍA MARIÑO;
unha tatexa a domear palabra/s,
unha escritora a nomear o ad/verso

Dinamiteira, transgresora, nova, estraña, revolucionaria, subversiva, rara, rupturista, agramatical, dislocada, destrutiva, intimista, esnaquizadora... apelidos todos eles que teñen servido para lle buscar as beiras á lingua de María Mariño aos que este labor calificativo perseguiron. Alcumes que coutaron lindes esvaradíos, que levan descritos terreos inzados de palabras estremeiras e sempre acaroados coa expresión do inefable que procuraba a autora. Daquela, a lingua utilizada por María Mariño converteuse axiña nun aspecto salientado e coñecido polo seu carácter anovador, pouco común e, asemade, recorrentemente descrito como unha forza destrutiva e vencellada á transgresión do sistema lingüístico. Non obstante, non só tratarei este feito senón que tentarei revirar o veo, desprazar a énfase cara ao outro polo; dende o que se destrúe ata o que se crea. Dito doutro xeito, describirei este acontecemento non só como unha ruptura da linguaxe ou como un mero recurso estilístico senón como un pulo creador a outros niveis que abre sucos para sementar repertorio.

En consecuencia, coido pouco relevante á hora de achegarse a esta autora deterse en vieiros descritivos do tipo de lingua da que bota man nos seus versos. Non farei, xa que logo, paradas de máis por estes portos para explicar a fala utilizada máis ca na medida en que nos resulte de utilidade para conclusións posteriores. Isto é, non resulta demasiado significativo por si só explicar a orixe popular e oral do galego que recrea tanto en *Palabra no tempo* coma en *Verba que comenza*. A variedade lingüística da que bota man esta courelá de adopción é, pois, de fácil localización xeográfica neste senso por estaren recolleitos algúns dos seus trazos dialectais. Porén, a recorrencia a esta variedade, na que campan as solucións vulgares e elisións vocálicas, os castellanismos e os vulgarismos, convérteos en ferramentas estéticas que casan ben coa vontade espontánea e tendencia cara ao popular que se plasma na súa obra. A este respecto apuntaría Novoneyra que «ela está metida toda no pobo e fala por él e dendes d'el» (Novoneyra 1982). De feito, a influencia da tradición oral déixase ver parella á que tamén exerce a iniciadora da literatura galega moderna, Rosalía, á cal tende fíos neste aspecto.

Esta sinxeleza da lingua da que fai gala é a outra cara da moeda da escasa elaboración retórica, centrada nas repeticións e paralelismos, que ten que ver coa tentativa dese «impactar de inmediato», do que se ten botado man para explicar as continuas metábases e rupturas lingüísticas por parte dos que a alcumaron «Dinamiteira da fala» (Novoneyra 1982 e Villar 1990). E isto vén introducir o que si é o trazo máis descable desta escritora que constrúe os seus versos con estruturas lingüísticas inusuais ou agramaticais. Re fírome aos procesos polos que se cambia a orde lóxica das palabras na oración («Son o ledo daquel sono -terra de sin pisadas-», «non ando sin de ti forma»... optando por unha estrutura na que introduce un sintagma con dúas preposicións de xeito anómalo), polos cales se bota man recorrentemente de adverbios, adxectivos e verbos con funcións substantivas ou adxectivas («Nace en min un novo longo», «Eu sentía un lonxe triste», «Luz e ter de castiñeiro»,...); ora ocasións nas que se tira da capacidade creativa para xerar palabras compostas novas («berro-alento», «terra-miñoca»...); ora recursos literarios máis comúns que gardan relación con esta utilización lúdica da lingua, como os oxímorons e contadicións («barullo de enxordar», «cegada luz»...). Outras veces estira, amplía e asocia significados («Meu sóo, afogado, xa non zoa»...) e camiña cara aos xogos fonéticos pola semellanza dos elementos constituíntes

das palabras («non arrola dela», «somos os que damos»...), o cal foi potenciando máis cara aos últimos textos.

Todas as lecturas que se fixeron deste aspecto destacan as rupturas e dislocacións do sistema lingüístico e converxen en situalo máis alá da retórica e, non obstante, fóra disto cada unha tira de fíos ben diversos. Contamos cos que se sitúan no prisma nacional, que dalgún xeito identifican sistema lingüístico con sistema social imposto. Estes brincan dende a linguaxe revolucionaria e subversiva ao terreo do social -iría nesta liña sobre todo Ferrín, aínda que tamén Novoneyra, ou os integrantes da Asociación Cultural Catavento de Noia que reivindicaron a súa figura, etc-. As interpretacións que relacionan este aspecto coa temática intimista e a inefabilidade mística (Blanco 2006: 309-318) e os que inciden máis na forza expresiva que imprime esta técnica ás súas palabras, pero non van máis alá, ou incluso cuestionan a súa autenticidade (López-Casanova 1964: 130 e González Garcés 76: 56 *apud* Blanco 1991: 233-274). Aínda que, e finalmente, coído máis acaída a explicación que establece pontes de comparación deste proceso incoactivo de toma da palabra escrita polas diferentes autoras como resultado da *estrañeza* (Segarra 2004: 29-32) ou *estranxeiría* das mulleres neste ámbito (González 2005: 213-242). A este respecto é unha autora que exemplifica de xeito claro a separación das mulleres da literatura escrita. O acceso da poeta noiesa ao coñecemento desa literatura dominante foi limitado, polo que se erixe como unha boa mostra do discurso silenciado que sobreviviu noutros ámbitos, coma o popular ou oral, e que logo se trasladará á escrita. Neste proceso as prácticas discursivas víronse intervidas e moldeadas por esta outra forma de contemplar a realidade e de representar outras experiencias. O resultado serían «a aparición recorrente de certos trazos discursivos, simbólicos ou enunciativos» que se constatan na poesía escrita por mulleres durante este período e de cuxos aspectos (ruptura coa lóxica, antirretoricismo, achega á oralidade e coloquialidade) caracterizan os dous poemarios desta escritora (González 2005: 236-7). Debido a isto, a linguaxe cobra un grande valor simbólico como xeito de representar a alteridade en autoras posteriores, se ben non ten lugar aquí a tentativa dun emprego consciente como posible marca identitaria. Porén, non vou afondar neste camiño xa que, á marxe de resultar acaído ou non, entrariamos na esvaradía etiqueta dunha *escrita feminina* diferenciada, que por caer en contraindicacións que precisan de explicación prefiro cuestionar aquí dende o comezo como estratexia. Con todo, nesta creadora a procura dun discurso novo non nace da inconsciencia ou da mera coincidencia senón que xorde máis ben dunha resistencia a adotar como propio un legado lingüístico alleo.

Neste punto, retomo a oralidade, a *agramaticalidade*, o antirretoricismo, fragmentariedade, a fisura coa norma lingüística... como compoñentes dun proceso de disputa coa palabra herdada que se denominou a *escrita tatexa*. Sintagma que transmite as características destas propostas emerxentes de apropiación da linguaxe que serve para re/nomear o mundo (María do Cebreiro 2003 *apud* González 2005: 236-242). Así, se no plano literario non segue a retórica da literatura culta e de autor á que apenas tivera acceso e toma asento na literatura popular, no plano lingüístico ten lugar a mesma resistencia á lóxica gramatical herdada, que non serve para expresar o que quere. Pola contra, a voz de María Mariño, esta nova *Verba que comenza* «Dá mareas de verbas feitas,/ dá cantiga que se escoita,/ dá á terra voz e fala, / dá a cada un dos tempos seu dono». Deste xeito, comezamos coa sementeira ao situala como a primeira exploradora neste vieiro discursivo de *outridade* á procura de novas linguaxes que desenvolverán autoras posteriores a ela: «teñidos de rumbos, de camiños soios e de / pausa / teñidos de verbas, verbas duras sin / moles / verbas brandas, / verbas que se atopan como eran / verbas que enxugan mundo entre homes». Daquela, andaba a noiesa ás tentas

rastrexando na lingua «¡Canto novo hai xordo e xordo!» sempre en disputa co tempo e o pasado. Tendo en conta isto, quizais sexa máis doado comprender os xogos sintácticos de Xela Arias, a apropiación da linguaxe das poetas dos 90 ou a mestura de palabras noutras linguas, rexistros e xéneros que teñen lugar Teresa Moure e Chus Pato. Todas elas comparten o movemento de desprazamento e diverxencia con respecto á homoxeneidade e hexemonía da lingua. A pesar de que na primeira sexa con respecto ao sistema dun idioma e na última amplíe posibilidades, todo derriba do que Derrida denominou como «máis dunha lingua» e que explica coa existencia dunha xerarquía entre códigos, dun mesmo idioma ou non (Segarra 2004: 16-20). Isto é o que xera a necesidade de desprazamento continuo da/s lingua/s para evitar a xerarquía entre linguaxes. Neste caso, a forza destrutora do sistema lingüístico na poeta é continua procura desa nova lingua, marcadamente en *Palabra no tempo*. O herdo deste código hexémónico realízase a través da memoria e do tempo, dous aspectos sempre recorrentes nas súas liñas. Por este motivo, a relación entre estes dous e a palabra é agónica na súa meirande parte; o tempo son as palabras e el dálles vida. Noutros casos, aínda que con menor insistencia en *Verba que comenza*, a busca da palabra está posta en relación coa natureza, e será ela a que xere as solucións e guíe o proceso de busca. Daquela, un novo xeito utilizado para acadalo, que non se observaba nas páxinas de *Palabra no tempo*, é o recurso á creatividade lingüística para xerar novas palabras compostas e separadas por guións.

A nova fala non se corresponde co an/verso das palabras porque non só persegue nelas a outra cara, a linguaxe contraria por lle ter dada a volta, senón que nela existe a contradición e tamén a inefabilidade dunha lingua «xorda, do silencio, dos furados, das cousas que calan, que agardan»... para o que semella máis axeitado o movemento ad/verso; movemento sempre cara adiante e en dirección oposta. É este un punto de constante retorno nos dous poemarios a pesar da evolución e diferenzas entre eles. Por riba disto, o pouso común en canto aos tira-puxas coa lingua anteriormente descritos fai que estes procesos unan as súas páxinas, pasando por riba de que logo se plasmen en técnicas diferentes. Emporiso, estamos ante un traballo de sucra na materia lingüística creando *linguaxe(s) outra(s)*, non da expropiación destes terreos. É María Mariño unha tentativa de nomear as marxes da lingua sen afán de apropiación, «¡Aonde irás dar miña verba si che guindo desta altura?» interrógase a ela mesma, ou cuestiona tamén o resultado: «Ando por un camiño que non vexo o seu sendeiro./ Dou toupadas que me firen buscando o meu verdadeiro».

Así pois, en María Mariño albíscase o xogo a erguer a saia e ensinar as pernas do(s) corpo(s) que versarán as poetas de fin de século e sobre o cal escribirán esa *verba nova* que xa fora sementada.

Bibliografía:

- Blanco, Carme (1991). *Literatura Galega da muller*, Vigo: Xerais.
- (2006). *Sexo e lugar*, Vigo: Xerais.
- Ferrín, Xosé Luís (1984). *De Pondal a Novoneyra*, Vigo: Xerais.
- González, Helena (2005). *Elas e o paraugas totalizador. Escritoras, xénero e nación*, Vigo: Xerais.
- Moure, Teresa (2005). *A palabra das fillas de Eva*, Vigo: Galaxia.
- Novoneyra, Uxío (1982). “María mariño, noiesa do Courel”, en *A Nosa Terra*, nº 189-190.
- Rábade Villar, María do Cebreiro (2003). “A escrita das tateas: teoría e práctica do discurso interrompido (Unha lectura do pensamento literario de Virginia Woolf.)” en

Escritura e mulleres. Doce ensaios arredor de Virginia Woolf. Coord. Belén Fortes. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 151-157.

Sanjurjo, Victoria (1994). *María Mariño. Obra completa*, Vigo: Xerais.

Segarra, Marta (ed.) (2004). *Lengua por venir / Langue à venir*. Barcelona: Icaria.

Villar, Miro (1990). “María Mariño, noiosa do Courel. Dinamiteria da Fala” en *A Nosa Terra*, 448, 11-11-1990.